



Expediente núm.: 63/2022

Procedemento: Aprobación da Oferta de Emprego Público extraordinaria para un proceso de estabilización do emprego temporal

Asunto: Resolución da Alcaldía publicando o resultado do procedemento e realizando o chamamento dos candidatos seleccionados

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº / 2022

En relación co proceso de estabilización do emprego temporal que, ao abeiro do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, se está levando a cabo neste Concello para a provisión das seguintes prazas:

Polo sistema de concurso, unha praza de Enxeñeiro Técnico Forestal, unha praza de Auxiliar SAF e Limpadora, a quenda completa, e unha praza de Auxiliar SAF en media quenda.

Visto o contido da Acta do Tribunal de selección que o pasado 30 de marzo de 2022, no Salón de Plenos deste Concello, se encargou de dirimir o precitado proceso, e na que, dada a puntuación acadada polos distintos candidatos, se acorda *“elevar á Alcaldía do Concello de Negueira de Muñiz a seguinte proposta de selección:*

- I. Para a praza de Enxeñeiro Técnico Forestal, proposta de selección en favor de **D. Gervasio López Rodríguez**, cunha puntuación total de 95,1 puntos.
Neste caso, ademais, D^a María Esther Fernández Núñez, con DNI: ***3425**, pasa a conformar unha listaxe de reserva para cubrir as eventuais vacantes que, de forma temporal ou permanente, se puideran producir nun futuro, ao ter superado o umbral do 50% da puntuación máxima á que se alude no artigo 9 das bases reguladoras do precitado proceso selectivo (54,3 puntos).
- II. Para a praza de Auxiliar SAF e limpadora (Quenda completa), proposta de selección en favor de **D^a. María del Mar Lombardía Fernández**, cunha puntuación total de 62,0 puntos.
- III. Para a praza de Auxiliar SAF (Media quenda), proposta de selección en favor de **D^a María Ana Neira López**, cunha puntuación total de 30,35puntos.

Unha vez transcorrido o prazo de dez días hábiles que, por Resolución de Alcaldía de data 3 de abril de 2023, se habilitou para dar cumprimento ao disposto no art. 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e constatado que non se presentou alegación algunha aos resultados obtidos no proceso selectivo

En uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, e de conformidade cos artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 33 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da





Administración Xeral do Estado,

RESOLVO

Primeiro. Aprobar a proposta do Tribunal respecto da contratación como persoal laboral fixo dos candidatos antes referidos.

Segundo. En cumprimento do establecido no art. 10 das Bases reguladoras do proceso ao que se ven aludindo, e no art. 33 do RD 364/1995, outorgar aos aspirantes seleccionados un prazo de 5 (cinco) días hábiles para que presenten, no Rexistro Electrónico do Concello ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, que se deberán presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa;
- Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto;
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente;
- Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados;
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria;

Terceiro. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que de este se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O manda e asina en Negueira, na data da firma electrónica reflectida ao marxe, D. José Manuel Braña Pereda, Alcalde-presidente, do que eu, Carmen Gómez Otero, Secretaria-interventora, dou fe.

O Alcalde-presidente
José Manuel Braña Pereda

A Secretaria-interventora
Carmen Gómez Otero

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE

